

AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU) (CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE MATRÍCULA·2023)

A RESOLUCIÓN do 13 de febreiro de 2023, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2022/23, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2023/24 (DOG do 21 de febreiro de 2023), establece que en Galicia as ditas probas estarán reguladas, de forma supletoria, e no que resulte compatible co novo marco normativo, pola Orde do 24 de marzo de 2011 (DOG N° 66 do 4 de abril) pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Neste senso, no seu articulado, a dita Orde do 24 de marzo de 2011 establece que o modelo de actuación e a organización das probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao no Sistema Universitario de Galicia (SUG) será competencia da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG).

Co fin de axilizar estes proceso de carácter masivo que hai que realizar nun curto espazo de tempo, sempre que sexa posible, todos os trámites relacionados cos procesos de ABAU e PREINSCRIPCIÓN de 2022 a través de procedementos telemáticos.

A efectos organizativos, sendo necesario realizar a matriculación do alumnado ABAU, a CIUG **RESOLVE** convocar a Matrícula Anticipada, Ordinaria e Extraordinaria para a realización dos exercicios correspondentes ás ditas probas, na convocatoria extraordinaria (xullo de 2023), conforme ás seguintes **BASES**.

Primeira ESTRUTURA DA PROBA

A ABAU estrutúrase en dúas partes denominadas, respectivamente, parte obrigatoria e parte voluntaria.

Parte Obrigatoria. A parte obrigatoria está formada polas catro materias xerais do bloque de materias troncais (Lingua Galega e Literatura II, Lingua Castelá e Literatura II, Historia de España II e Primeira Lingua Estranxeira II) e a materia troncal da modalidade (Fundamentos da Arte II, Matemáticas II, Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II ou Latín II)

Parte Voluntaria. O alumnado que queira mellorar a súa cualificación de admisión poderá examinarse dun máximo de catro materias que elixirá de entre o resto de materias das que non se examinou na parte obrigatoria, é dicir, poderá elixir 4 de entre as 18 materias seguintes: Matemáticas II, Latín II, Matemáticas Aplicadas CC.SS, Fundamentos da Arte II, Física, Xeografía, Cultura Audiovisual II, Química, Grego II, Debuxo Técnico II, Artes Escénicas, Segunda Lingua Estranxeira II (Inglés, Francés, Alemán, Italiano e Portugués; debe ser unha lingua distinta da que se examinaron como materia xeral do bloque de

Facultade de Dereito, 3º piso - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 452 - Fax: 881 814 789 - Correo [E.: ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal)

CSV : GEN-7618-a711-8dab-181e-bdfe-7600-d9d2-d1bf

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : IVAN CARLOS AREA CARRACEDO | FECHA : 19/06/2023 13:36 | NOTAS : F



materias troncais), Bioloxía, Historia da Arte, Xeoloxía, Historia da Filosofía, Economía da empresa, Deseño. A materia troncal de modalidade é unha materia da parte obrigatoria pero tamén pode contar como unha materia máis da parte voluntaria.

O alumnado de bacharelato que cursou a parte obrigatoria en convocatorias anteriores, e só se examine da parte voluntaria, se elixe unha Segunda Lingua Estranxeira, esta ten que ser distinta da que cursase como Primeira Lingua Estranxeira.

O alumnado de FP que ten superado bacharelato e a parte obrigatoria da ABAU, se elixe unha Segunda Lingua Estranxeira, esta ten que ser distinta da que cursase como Primeira Lingua Estranxeira.

O exame de cada materia terá unha duración de 90 minutos cun descanso de 30 minutos entre probas consecutivas, de acordo co horario que figura no Anexo III.

Segunda REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

1. Poderá presentarse á Parte Obrigatoria e á Parte Voluntaria:

- a) Alumnado que aprobe o bacharelato establecido na Ley Orgánica 8/2013 (LOMCE) neste curso 2022/23 nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia
- b) Alumnado que aprobou o bacharelato establecido na Ley Orgánica 8/2013 en convocatorias anteriores, nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia e que non teña superada a proba ABAU.
- c) Alumnado que teña superada a proba ABAU en convocatorias anteriores na Comunidade Autónoma de Galicia ou noutra Comunidade Autónoma e que acredite a súa adscrición a un centro de Galicia e desexe mellorar a súa cualificación.
- d) Alumnado que teña un título de ordenacións educativas anteriores (PREU, COU, LOXSE, MÚSICA E DANZA) declarado equivalente ao título de bacharelato establecido na Ley Orgánica 8/2013, obtido nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia ou que acredite a súa adscrición a un centro de Galicia.

2. Poderá presentarse á Parte Voluntaria:

- a) Alumnado que teña superada a parte obrigatoria en anos anteriores na Comunidade Autónoma de Galicia ou noutra Comunidade Autónoma e que acrediten a súa adscrición a un centro de Galicia.
- b) Alumnado de FP que obtivese o título de Técnico Superior de FP, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior ou equivalente neste curso 2022/23 nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia
- c) Alumnado de FP que estea en posesión do título de Técnico Superior de FP, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior ou equivalente obtido en anos anteriores nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia ou que acredite a súa adscrición a un centro da mesma.

Facultade de Dereito, 3º piso - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 452 - Fax: 881 814 789 - Correo [E.: ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal)

CSV : GEN-7618-a711-8dab-181e-bdfe-7600-d9d2-d1bf

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : IVAN CARLOS AREA CARRACEDO | FECHA : 19/06/2023 13:36 | NOTAS : F



d) Alumnado de anos anteriores en posesión do título de Bacharelato Europeo en virtude das disposicións contidas no Convenio polo que se establece o Estatuto das Escalas Europeas, acordado en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e/ou alumnado que obtivese o Diploma do Bacharelato Internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza), e que desexe mellorar a súa cualificación e que acredite a súa adscrición a un centro de Galicia.

e) Alumnado de anos anteriores con acreditación expedida pola UNED para acceder ás Universidades Españolas e que acredite a súa adscrición a un centro de Galicia.

f) Alumnado procedente de sistemas educativos estranxeiros que obtivese a homologación antes da finalización do prazo de matrícula dos seus estudos aos títulos de bacharelato ou de Técnico Superior de FP, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior español ou que presentase a solicitude de homologación e estea pendente de resolución e que acrediten a súa adscrición a un centro de Galicia. O estudantado que estea pendente de homologación debe de presentar, antes da finalización do prazo de matrícula, declaración responsable conforme a *“Orden de 14 de marzo de 1988 para la aplicación de lo dispuesto en el Real Decreto 104/1988, de 29 de enero, sobre homologación y convalidación de títulos y estudios extranjeros de educación no universitaria (BOE núm. 66, de 17 de marzo de 1988).”*

Terceira TIPOS DE MATRÍCULA, PRAZOS, PROCEDEMENTO E DOCUMENTACIÓN

1.- MATRÍCULA ANTICIPADA

1.1.- PRAZO:

O Prazo para formalizar Matrícula Anticipada vai do 26 de xuño ao 30 de xuño de 2023.

1.2.- QUEN PODE MATRICULARSE

Poderase matricular no prazo sinalado para a Matrícula Anticipada o alumnado que obtivese en anos anteriores ao curso 2022-2023 ou na convocatoria ordinaria do curso 2022-2023 o título de Bacharelato ou un título declarado equivalente ou o título de Técnico Superior de FP, Técnico superior de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior español ou declarado equivalente e se atope nalgunha das seguintes situacións:

- Alumnado que teña aprobado o bacharelato ou un título equivalente e que non superase a proba ABAU deberá matricularse obrigatoriamente da parte obrigatoria (das 5 materias) da ABAU e, se o desexa, da Parte Voluntaria.
- Alumnado que teña aprobado o bacharelato ou un título equivalente en convocatorias anteriores e que xa superase a proba ABAU poderá matricularse da parte obrigatoria (das 5 materias) da ABAU e/ou da Parte Voluntaria.
- Alumnado de FP que estea en posesión do título de Técnico Superior de FP, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior ou equivalentes poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria.

Facultade de Dereito, 3º piso - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 452 - Fax: 881 814 789 - Correo [E.: ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal)

CSV : GEN-7618-a711-8dab-181e-bdfe-7600-d9d2-d1bf

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : IVAN CARLOS AREA CARRACEDO | FECHA : 19/06/2023 13:36 | NOTAS : F



- d) Alumnado en posesión do título de Bacharelato Europeo que acredite a súa residencia en Galicia poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria.
- e) Alumnado procedente de sistemas educativos estranxeiros que obtivese a homologación dos seus estudos aos títulos de bacharelato ou de Técnico Superior de FP, de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou de Técnico Deportivo Superior español e que acredite a súa residencia en Galicia poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria da ABAU.
- f) Alumnado procedente de sistemas educativos da UE ou equivalentes que estea en posesión da credencial de acceso expedida pola UNED e que acredite a súa residencia en Galicia poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria da ABAU.

1.3.- PROCEDEMENTO E DOCUMENTACIÓN

A matrícula anticipada realizarase obrigatoriamente a través da aplicación informática Nerta (<https://www.edu.xunta.es/nerta/>). De xeito excepcional, no caso de non ser posible utilizar a aplicación, a documentación pode ser enviada por correo electrónico ao correspondente Lugar de Entrega e Recollida de Documentación (LERD, véxase Anexo I) que procederá á súa matrícula.

Só excepcionalmente poderá facerse *in situ*, previa cita, nos LERD habilitados en cada un dos sete campus de Galicia (véxase Anexo I).

O alumnado dos Centros de Galicia que ten os seus datos académicos informatizados na aplicación Nerta e dispón de usuario fará a súa matrícula empregando a aplicación (<https://www.edu.xunta.es/nerta/>).

Coa realización da matrícula en Nerta, xerarase o impreso de liquidación para o aboamento das taxas correspondentes. O alumnado pode acceder á súa conta e realizar o pagamento das taxas de forma telemática, utilizando unha tarxeta de crédito, dentro do prazo de matrícula. Este pagamento xa se reflicte de forma automática en Nerta, sen necesidade de enviar xustificante.

Se decide realizar o pagamento nunha oficina bancaria, debe imprimir o impreso de liquidación que proporciona a aplicación informática Nerta. Unha vez aboadas as taxas deberá enviar copia do xustificante de ingreso ao LERD correspondente para que reflictan a realización do pagamento en Nerta, dentro do prazo de matrícula. Recoméndase o ingreso a través da pasarela de pagamento dado que deste xeito queda rexistrado de forma automática en Nerta.

O alumnado con dereito a exencións tamén debe enviar copia da xustificación por correo electrónico ao LERD correspondente, dentro do prazo de matrícula.

O Alumnado que non ten conta de usuario en Nerta deberá solicitar a conta en Nerta e enviar por correo electrónico ao LERD correspondente (véxase Anexo I) a seguinte documentación cos seus datos persoais e académicos para dar de alta a súa matrícula.

Documentos comúns para este alumnado que non teña conta en Nerta:

1. Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
2. Impreso oficial de matrícula na ABAU debidamente cumprimentado (datos persoais, académicos e de matrícula para a ABAU) que poderá baixar da páxina web da CIUG.

Facultade de Dereito, 3º piso - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 452 - Fax: 881 814 789 - Correo [E.: ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal)

CSV : GEN-7618-a711-8dab-181e-bdfe-7600-d9d2-d1bf

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : IVAN CARLOS AREA CARRACEDO | FECHA : 19/06/2023 13:36 | NOTAS : F



3. Resgardo acreditativo de ter aboadas as taxas de matrícula ou, no seu caso, documentación que acredite a exención destes, segundo o estipulado nesta convocatoria de matrícula.

Documentos específicos para este alumnado que non teña conta en Nerta:

a) Alumnado dos centros de Bacharelato de Galicia que obtivese o título de Bacharelato en anos anteriores, pero non se presentase anteriormente ás probas de acceso á universidade (PAU ou ABAU):

1. Fotocopia compulsada do Título de Bacharelato ou, no seu caso, resgardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste.
2. Certificación expedida polo centro na que consten as cualificacións dos dous cursos do Bacharelato ou equivalente.

Este alumnado presentarse á proba de acceso polo mesmo centro no que cursase o segundo curso do Bacharelato, agás aquel alumnado que solicítase á Inspección Educativa con antelación presentarse polo centro máis próximo ao seu lugar de residencia.

b) Alumnado dos centros de Bacharelato de fóra de Galicia que tendo aprobada a PAU ou a ABAU desexe **mellorar a súa cualificación**:

1. Fotocopia compulsada da Tarxeta de Cualificación da PAU ou da ABAU.
2. Documento expedido pola Inspección Educativa que acredite a súa adscrición a un Centro de Galicia.

c) Alumnado procedente de **ordenacións educativas anteriores** (PREU, COU, LOXSE, MÚSICA E DANZA) en posesión do título de Bacharelato ou equivalente:

- Alumnado de PREU, COU e LOXSE
 1. Fotocopia compulsada do Título de Bacharelato ou, no seu caso, resgardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste.
 2. Certificación expedida polo centro onde consten as cualificacións dos dous cursos do Bacharelato ou equivalente.

O alumnado de PREU, COU e Bacharelato LOXSE presentarse á ABAU polo mesmo centro no que cursase PREU, COU e/ou segundo curso do Bacharelato, agás aqueles que solicitasen anteriormente á Inspección Educativa presentarse polo centro mais próximo ao seu lugar de residencia.

- Alumnado de Música e Danza
 1. Documento expedido pola Inspección Educativa que acredite a súa adscrición a un Centro de Galicia.
 2. Certificación de estar en posesión do Título de Bacharelato ou equivalente.
 3. Certificación das cualificacións obtidas nos seus estudos do 3º Ciclo de Música ou Danza.

d) Alumnado de FP de anos anteriores que estea en posesión do título de **Técnico Superior**

Facultade de Dereito, 3º piso - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 452 - Fax: 881 814 789 - Correo [E.: ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal)

CSV : GEN-7618-a711-8dab-181e-bdfe-7600-d9d2-d1bf

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : IVAN CARLOS AREA CARRACEDO | FECHA : 19/06/2023 13:36 | NOTAS : F



(TSFP, TS Artes Plásticas e Deseño, Técnico Deportivo Superior ou equivalentes) e desexe realizar a Parte Voluntaria:

1. Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, segundo o modelo oficial que se facilitará pola CIUG aos centros.
2. Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.

O alumnado deste apartado que proveña de centros de fóra de Galicia deberá achegar, ademais, certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos; para os estudantes de Ciclos Formativos de Grao Superior na certificación deberán constar as cualificacións obtidas nos Módulos.

3. Documento expedido pola Inspección Educativa que acredite a súa adscrición a un Centro de Galicia.

e) Alumnado de anos anteriores en posesión do título de **Bacharelato Europeo** en virtude das disposicións contidas no Convenio que se establece o Estatuto de Escolas Europeas, acordado en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e/ou alumnado que obtivese o Diploma do Bacharelato Internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza) e desexe realizar a Parte Voluntaria:

1. Credencial expedida pola UNED na que conste que o alumnado cumpre os requisitos de acceso á universidade.
2. Documento expedido pola Inspección Educativa que acredite a súa adscrición a un Centro de Galicia.

f) Alumnado de anos anteriores en posesión de **títulos, diplomas ou estudos equivalentes ou homologados** ao título de Bacharelato ou aos Títulos Superiores de Formación Profesional, de Artes Plásticas e Deseño, ou de Técnico Deportivo Superior do Sistema Educativo Español procedente de sistemas educativos estranxeiros, que desexe mellorar a súa cualificación ou nota de acceso á universidade (NAU) mediante a realización da Parte Voluntaria:

1. Homologación do título, diploma ou estudo obtido en sistemas educativos estranxeiros ou credencial expedida pola UNED na que conste a nota de acceso á universidade (NAU).
2. Documento expedido pola Inspección Educativa que acredite a súa adscrición a un centro de Galicia.

2. MATRÍCULA ORDINARIA

2.1.- PRAZO E PROCEDEMENTO

A **prematrícula** debe ser realizada polo alumnado nos centros correspondentes de Educación o 27 ou 28 de xuño. Esta prematrícula farase a través da aplicación informática Nerta (<https://www.edu.xunta.es/nerta/>).

Coa prematrícula xérase unha conta de usuario en Nerta e cada estudante recibe os datos de acceso no seu correo electrónico. Con estes datos, e despois de activar a conta, o alumnado

Facultade de Dereito, 3º piso - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 452 - Fax: 881 814 789 - Correo [E.: ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal)

CSV : GEN-7618-a711-8dab-181e-bdfe-7600-d9d2-d1bf

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : IVAN CARLOS AREA CARRACEDO | FECHA : 19/06/2023 13:36 | NOTAS : F



pode acceder a Nerta e realizar o pagamento das taxas de forma telemática, utilizando unha tarxeta de crédito. Este pagamento xa se reflicte de forma automática en Nerta, sen necesidade de enviar xustificante.

Se decide realizar o pagamento a través de ABANCA, debe imprimir o impreso de liquidación. Unha vez aboados os prezos deberase entregar copia do xustificante de ingreso no seu centro para que reflicta a realización do pagamento en Nerta.

Os centros de Educación Secundaria enviarán electrónicamente ao LERD correspondente a documentación entre o 28 e o 30 de xuño.

2.2.- QUEN SE PODE MATRICULAR

Poderá matricularse no prazo de Matrícula Ordinaria:

- a) Alumnado de centros da C.A. de Galicia que superase o Bacharelato na convocatoria extraordinaria deste curso 2022/23.
- b) Alumnado de centros da Comunidade Autónoma de Galicia que obteña a dobre titulación de Bacharelato español e de Baccalauréat francés na convocatoria extraordinaria deste curso 2022/23, nos termos establecidos no punto cuarto da Resolución de 13 de febreiro de 2023 (BOE núm. 38, de 14 de febreiro) da Subsecretaría do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.. O alumnado con título de Baccalauréat francés titulado no presente curso 2022/23 pode matricularse só da Fase Voluntaria.

3. MATRÍCULA EXTRAORDINARIA

Poderá matricularse no prazo de Matrícula Extraordinaria, o alumnado de centros de Galicia que obteña resolución favorable da súa reclamación ás cualificacións do Bacharelato ante a Xefatura Territorial correspondente. Este alumnado poderá matricularse a través da aplicación Nerta, das 9:00 ás 14:00h. do día seguinte a comunicación da resolución,

4. DOCUMENTACIÓN PARA MATRÍCULA ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

Documentos comúns para a matrícula ordinaria e extraordinaria:

1. Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
2. Xustificante de ter aboados os prezos públicos de matrícula do alumnado que non realizou o pagamento de forma telemática a través de Nerta ou, no seu caso, documentación que acredite a exención destes segundo o estipulado nesta convocatoria de matrícula. Os centros que fagan un pagamento global por varios estudantes deben marcar na aplicación Nerta a realización do pagamento para o alumnado afectado.
3. Impreso oficial de matrícula na ABAU debidamente cumprimentado (datos persoais, académicos e de matrícula para a ABAU).
4. Fotocopia do Título de Bacharelato LOMCE ou LOE / Baccalauréat francés ou, no seu caso, resgardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste. Co fin de axilizar o proceso,

Facultade de Dereito, 3º piso - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 452 - Fax: 881 814 789 - Correo [E.: ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal)

CSV : GEN-7618-a711-8dab-181e-bdfe-7600-d9d2-d1bf

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : IVAN CARLOS AREA CARRACEDO | FECHA : 19/06/2023 13:36 | NOTAS : F



estes resgardos individualizados pódense substituír por unha certificación do centro na que conste que todos os alumnos e alumnas fixeron xa o depósito do título do Bacharelato.

5. Os centros acompañarán a matrícula dunha listaxe de alumnos matriculados na ABAU con indicación do DNI, apelidos e nome, exención de Lingua Galega e Literatura II (se é o caso) e importe das taxas aboadas ou, no seu caso, xustificante de exención. Este listado poderá ser xerado a través da aplicación Nerta.

5. DESESTIMIENTO E ANULACIÓN DE MATRÍCULA

Unha vez realizada a matrícula, só se admitirá a anulación/renuncia de matrícula con devolución de taxas se existen causas xustificadas por circunstancias imprevistas posteriores a matrícula

Cuarta REQUISITOS QUE DEBE REUNIR A DOCUMENTACIÓN

- 1) A documentación asinada dixitalmente e con CSV pode enviarse por correo electrónico ao LERD correspondente.
- 2) De conformidade co disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os documentos que se dirixan á CIUG, ademais de nos LERD indicados no Anexo 1, poderán presentarse nalgún dos seguintes rexistros:
 - a) Nos Rexistros xerais das tres universidades do SUG ou nos rexistros auxiliares.
 - b) Nos Rexistros oficiais da Administración Xeral do Estado ou das Comunidades Autónomas.
 - c) Nos Rexistros de entidades que integran a Administración Local, sempre que se asinase o oportuno convenio.
 - d) Nas oficinas de Correos de España, na forma que regulamentariamente está establecida.
 - e) Nas Representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- 3) Só serán válidas as compulsas que realicen os seguintes órganos ou unidades administrativas:
 - a) Rexistros relacionados no apartado anterior.
 - b) Unidade administrativa onde se tramita o expediente.
 - c) Organismo español que expediu o documento.
 - d) Notarios españois.
 - e) Representación diplomática española, no caso de que se presente no estranxeiro.

Non se admitirá ningún documento compulsado ou cotexado por órganos ou unidades administrativas distintas ás citadas neste apartado. Para o cotexo por unidade

Facultade de Dereito, 3º piso - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 452 - Fax: 881 814 789 - Correo [E.: ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal)

CSV : GEN-7618-a711-8dab-181e-bdfe-7600-d9d2-d1bf

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : IVAN CARLOS AREA CARRACEDO | FECHA : 19/06/2023 13:36 | NOTAS : F



administrativa das referidas no punto 3 da base cuarta, será imprescindible a presentación do documento orixinal. Tamén se requirirá a presentación do orixinal cando nas copias compulsadas non se identifique claramente o organismo que expide a compulsa ou o cargo, nome e apelidos de quen as asina.

Quinta PREZOS PÚBLICOS, EXENCIONS E AXUDAS

O aboamento do prezo da matrícula para as probas ABAU farase a través do proceso telemático da aplicación Nerta ou mediante o impreso de liquidación que xera a mesma, no caso de que o procedemento se realice mediante a opción de prematrícula.

De conformidade co disposto no Decreto Decreto 121/2022, de 23 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2022/23, o importe do prezo de matrícula para estas probas é de: 63,67 euros.

Serán de aplicación as exencións establecidas no artigo 12 do Decreto 121/2022, de 23 de xullo:

Familia numerosa - Categoría Xeral	31,84 euros
Familia numerosa - Categoría Especial	Gratuíta
Persoas con discapacidade (>= 33%), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero	Gratuíta
AXUDAS	
Persoal das Universidades do SUG	Gratuíta

Nota

- (1) Os beneficiarios/as de Familia Numerosa de Categoría Xeral e de Familia Numerosa de Categoría Especial deberán achegar, no momento da matrícula, xunto co xustificante bancario, fotocopia cotexada do carné de Familia Numerosa vixente no prazo de matrícula.
- (2) A condición de persoa con discapacidade (>=33%), acreditarase no momento de formalización da matrícula coa correspondente resolución administrativa do órgano competente da Comunidade Autónoma pola que se recoñece a condición vixente no prazo de matrícula.
- (3) A condición de vítima de acto terrorista acreditarase no momento de formalización da matrícula coa correspondente resolución administrativa pola que se recoñece a condición, vixente no prazo de matrícula.
- (4) A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase no momento da formalización da matrícula, mediante calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- (5) AXUDAS para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos. Serán beneficiarias das axudas para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos todas as persoas que estean contempladas nalgún suposto das "Convocatorias de axudas e

Facultade de Dereito, 3º piso - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 452 - Fax: 881 814 789 - Correo [E.: ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal)

CSV : GEN-7618-a711-8dab-181e-bdfe-7600-d9d2-d1bf

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : IVAN CARLOS AREA CARRACEDO | FECHA : 19/06/2023 13:36 | NOTAS : F



subvencións de Prezos Públicos" de calquera das tres universidades públicas do SUG para o presente curso académico:

- Persoal docente e de administración e servizos, os seus fillos/as, así como o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación das tres Universidades de Galicia terá a matrícula gratuita.
- A gratuidade deberá acreditarse mediante certificación dos respectivos Servizos de Persoal e, no caso de cónxuxe e fillos/as, ademais, por medio da fotocopia cotexada do Libro de Familia. A situación que dá dereito a axuda deberá estar vixente no prazo da matrícula.

Sexta PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE PERSOAS MATRICULADAS

A data de publicación do alumnado matriculado será o 29 de xuño a través da aplicación informática Nerta. O alumnado deberá revisar os seus datos e poderá interpoñer, no seu centro, reclamación, ata as 14.00 horas dese día se detecta algún erro. A partir do 30 de xuño o alumnado poderá consultar en Nerta a súa matrícula na ABAU.

Sétima COMISIÓNS DELEGADAS

O alumnado matriculado nestas probas será convocado para realizar os correspondentes exercicios formando grupos, integrado cada un deles por centros de ensino secundario e distribuídos por Comisións Delegadas segundo se indica no Anexo II que será publicado na páxina web da CIUG.

Oitava DATAS E HORARIO DOS EXAMES

Os exames terán lugar os días 11, 12 e 13 de xullo, en xornada de mañá e tarde os tres días.

Para consulta de horarios, véxase o Anexo III.

Novena PRESENTACIÓN DO ALUMNADO AOS EXAMES E NORMAS DE REALIZACIÓN

1. PRESENTACIÓN

Todo o alumnado deberá acudir ao acto de presentación o primeiro día das probas ás 9.00 horas da mañá e despois presentarse a realizar os exercicios á hora sinalada para o comezo de cada un deles. O alumnado que só se examine da parte voluntaria e non teña erros na súa matrícula pode presentarse no momento de realizar os exames correspondentes.

Para realizar os exames, o alumnado deberá levar consigo:

- DNI ou documento identificativo: pasaporte, permiso de residencia etc.
- Resgardo de Matrícula e xustificante de pago
- Bolígrafo ou pluma de tinta indeleble azul ou negra
- Material axeitado para realizar o exercicio correspondente á materia de Debuxo técnico II

Facultade de Dereito, 3º piso - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 452 - Fax: 881 814 789 - Correo [E.: ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal)

CSV : GEN-7618-a711-8dab-181e-bdfe-7600-d9d2-d1bf

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : IVAN CARLOS AREA CARRACEDO | FECHA : 19/06/2023 13:36 | NOTAS : F



e Deseño, así como o dicionario de latín-español ou grego-español e unha calculadora (véxanse as indicacións máis abaixo).

En función da situación sanitaria do momento, a CIUG poderá modificar o PROTOCOLO que figura na páxina web sobre os requirimentos que debe cumprir o alumnado para acceder aos lugares de exame.

No momento da presentación, o tribunal asignaralle o posto de exame a cada alumno/a.

2. ERROS NA MATRÍCULA

O alumnado que detecte algún erro na súa matrícula da ABAU deberá comunicarllo ao presidente/a da correspondente comisión delegada na hora da presentación (de 9.00 a 10.00 horas do día 11 de xullo, ou de 09.00 a 09.30 nas comisións de alumnado con necesidades de apoio educativo), mediante unha solicitude no formulario oficial que estará a disposición do alumnado na sede da comisión delegada.

Unha vez finalizada a hora de presentación do primeiro día das probas, non se permitirá ningún cambio. Á alumna ou alumno que se examine dunha opción distinta á que figure na súa matrícula ou na solicitude de cambio de matrícula que se lle entregase ao presidente/a da comisión delegada, anularáselle o exame da materia ou materias que non figuren na súa matrícula ou na súa solicitude de cambio desta.

3. IDENTIFICACIÓN E ANONIMATO

Ao empezar as probas, o alumnado recibirá un xogo de adhesivos de código de barras que o identifica. As etiquetas de identificación son persoais e intransferibles.

É fundamental o bo coidado destas etiquetas de identificación. Non deben dobrarse nin modificarse de ningún xeito para evitar a súa deterioración e as posibles dificultades de identificación. Recoméndase tamén que non se deixen nas aulas nin ao alcance de persoas estrañas.

Os exames son anónimos e non poden asinarse nin deberán presentar marcas de ningún tipo (fluorescentes, subliñados en cor etc.) que poidan permitir unha eventual identificación persoal. Non observar esta norma pode ser causa de anulación do exame.

4. CADERNO DE EXAMES

En cada unha das probas entregaráselle a cada estudante un caderno de exame formado por dúas follas A3 grampadas (unha páxina de portada e sete páxinas A4 en branco) e unha cabeceira adhesiva. Para redactar as respostas o alumnado pode utilizar as sete páxinas en branco.

En cada proba só se pode utilizar un único caderno de exame, ao que non se lle poderán arrincar nin engadir follas.

Cada proba presenta varias preguntas e todas elas son susceptibles de ser elixidas. No enunciado de cada proba indícase o número "N" de preguntas que se deben responder.

Facultade de Dereito, 3º piso - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 452 - Fax: 881 814 789 - Correo [E.: ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal)

CSV : GEN-7618-a711-8dab-181e-bdfe-7600-d9d2-d1bf

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : IVAN CARLOS AREA CARRACEDO | FECHA : 19/06/2023 13:36 | NOTAS : F



No caso de que o/a alumno/a non queira que se corrixa algunha das preguntas respondidas, débea tachar de forma clara. Se responde a máis preguntas das indicadas, só se corraxirá o número “N” de preguntas respondidas en primeiro lugar no caderno de exame.

Non se poderá abandonar a aula ata transcorrer media hora desde o comezo de cada exercicio. O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo non poderá abandonar a aula ata transcorrer unha hora desde o comezo de cada exercicio. Tras a distribución dos exames, todas as persoas (alumnos/as, vogais da comisión delegada e representantes de centro) deberán permanecer na aula na primeira media hora (unha hora no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo) de cada exame. Quedan excluídos desta obriga as presidencias e as secretarías das comisións delegadas e, de ser o caso, os membros da Comisión Delegada que autorice a presidencia, así como os delegados/as dos Reitores na CIUG.

O acceso á aula de exame implica sempre a entrega obrigatoria do caderno de exame debidamente etiquetado, aínda que se deixase en branco.

Os exames deberán entregárselle a un membro do tribunal para que comprobe que cumpren as condicións debidas. En ningún caso se deixarán os exames enriba das mesas.

Se un/unha estudante non se presenta a algún dos exercicios da parte obrigatoria da ABAU, na cualificación correspondente figurará Non Presentado (NP) e para os efectos do cálculo da nota media o exame computará como 0.

5. MATERIAL ESPECÍFICO PERMITIDO

Dicionarios

- Exame de Latín II. No exame de Latín II poderá utilizarse o dicionario de latín-español/galego e permitirase o uso dos seus apéndices gramaticais, sempre que formen parte orixinal e inseparable dos dicionarios. Con todo, non se permitirán as páxinas (interiores ou apéndices) con contidos literarios e de evolución do latín ao castelán ou ao galego. Neste caso deberase comunicar aos membros da Comisión Delegada e gramparanse ou separaranse as páxinas mencionadas antes do comezo do exame.
- Exame de Grego II. No exame de Grego II poderá utilizarse calquera dicionario de grego-español/galego incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto; non estará, pois, permitido ningún caderno solto nin ningún engadido ao dicionario que non sexa orixinal.

Os/as vogais das comisións delegadas poderán revisar os apéndices gramaticais para comprobar que non hai anotacións. De detectarse anotacións nestes, instarase o alumno ou alumna a saír da aula e o exame será cualificado con 0 puntos.

Calculadoras

Poderase utilizar a calculadora exclusivamente nos exercicios de Matemáticas II, Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II, Física, Química e Economía da empresa.

Facultade de Dereito, 3º piso - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 452 - Fax: 881 814 789 - Correo [E.: ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal)

CSV : GEN-7618-a711-8dab-181e-bdfe-7600-d9d2-d1bf

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : IVAN CARLOS AREA CARRACEDO | FECHA : 19/06/2023 13:36 | NOTAS : F



- Permitirase usar calculadoras non programables e que non teñan capacidade gráfica.
- Non poderá haber nada escrito nas calculadoras ou nas súas fundas.
- No caso de dúbida sobre a validez dun determinado modelo de calculadora, o tribunal requiriralle ao alumno ou alumna a calculadora para valorar as súas características. De comprobarse que a calculadora é programable ou con capacidade gráfica, retiráselle e non se lle permitirá usar outro dispositivo aínda que este cumpra os requisitos.

6. MATERIAL NON PERMITIDO

Non está permitido ningún dispositivo que emita ou reciba radiofrecuencias, como reloxo, teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico.

Todo o alumnado deberá manter os pavillóns auditivos despexados para verificar que non usan dispositivos non permitidos.

Os/os vogais das comisións delegadas terán especial coidado en que no posto de exame o alumnado non teña consigo estes dispositivos electrónicos, agás as calculadoras non programables e sen capacidade gráfica permitidas, que tampouco poderán enviar e/ou recibir información.

A presenza de material non permitido no posto de exame será motivo de medida disciplinaria: instarase o alumno a saír da aula e o exame será cualificado con 0 puntos.

7. COPIAS E SANCIÓN

No caso de que un membro do tribunal detecte algún alumno ou alumna copiando ou non respectando estas instrucións, despois da súa correcta identificación, instarase a saír da aula e o exame será cualificado con 0 puntos. Ademais, a comisión organizadora das probas determinará as posibles sancións que se lle aplicarán e que poden implicar a anulación total das súas probas da ABAU.

Décima PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓN

As cualificacións obtidas polo alumnado faranse públicas en Nerta o día 19 de xullo, a partir das 20.00 horas.

O día 26 de xullo faranse públicas as cualificacións definitivas despois da resolución das solicitudes de revisión (a partir das 20:00 horas). O alumnado disporá de tarxeta de cualificación definitiva a partir desta data.

As tarxetas de cualificación estarán marcadas como provisionais mentres o alumnado exerza ou teña dereito a exercer as posibilidades de revisión da súa cualificación.

Os centros de ensino secundario poderán consultar e imprimir unha copia da acta de cualificacións da ABAU correspondente ao seu centro directamente a través da aplicación informática.

Facultade de Dereito, 3º piso - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 452 - Fax: 881 814 789 - Correo [E.: ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal)

CSV : GEN-7618-a711-8dab-181e-bdfe-7600-d9d2-d1bf

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : IVAN CARLOS AREA CARRACEDO | FECHA : 19/06/2023 13:36 | NOTAS : F



Undécima TARXETAS DE CUALIFICACIÓN

O día 21 de xullo, enviarase por correo electrónico ao alumnado a súa Tarxeta de Cualificación provisional da ABAU asinada dixitalmente.

Finalmente, o día 26 de xullo, o alumnado recibirá por correo electrónico a súa Tarxeta de Cualificación Definitiva da ABAU asinada dixitalmente coa modificación de nota, no seu caso, despois do prazo de revisión das cualificacións.

Para poder recibir a Tarxeta de Cualificación da ABAU é necesario ter rexistrado un correo electrónico válido en Nerta.

O alumnado que non rexistrase un correo electrónico válido en Nerta poderá solicitar a Tarxeta no seu centro de bacharelato.

Duodécima REVISIÓN DAS CUALIFICACIÓNS

O alumnado ou titores/as legais poderán solicitar a revisión da cualificación obtida nun ou en varios exames no prazo de tres días contados a partir da data de publicación das cualificacións. Neste proceso de revisión as modificacións das cualificacións poden ser tanto á alza como á baixa.

1. O prazo de presentación destas solicitudes será de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación das cualificacións: 20 a 24 de xullo (ata as 14:00h.)

2. As solicitudes de revisión poderanse facer a través da aplicación informática Nerta, empregando o seu código de acceso. O alumnado deberá gardar copia da súa solicitude en calidade de resguardo e xustificación de presentación desta.

3. No proceso de revisión procederase do seguinte xeito:

a) En primeiro lugar, analizarase se houbo algún erro material na corrección do exame da persoa interesada (sumas mal calculadas ou preguntas sen corrixir). No caso de existir algún erro material, modificarase a cualificación, tanto á alza como á baixa. A cualificación provisoria obtida (identificada como P) pasa a ser a nova cualificación despois de modificar segundo o erro material detectado. No caso de non haber erros materiais, mantense como cualificación provisoria a cualificación orixinal (identificada tamén como P).

b) Deseguido, realizarase unha segunda corrección por un novo corrector/a especialista, distinto ao que efectuou a primeira corrección. Se esta segunda cualificación (identificada como S) ten unha diferenza menor de dous puntos, a cualificación definitiva será a media aritmética entre S e P, nomeadamente $(S+P)/2$.

c) No suposto de que existise unha diferenza de dous ou máis puntos entre ambas as cualificacións (P e S), un terceiro especialista distinto dos anteriores efectuará unha terceira corrección (identificada como T). Neste caso, a cualificación definitiva será a media aritmética das tres cualificacións, nomeadamente $(P+S+T)/3$.

Contra a resolución adoptada pola CIUG, que porá fin á vía administrativa, poderá interpoñerse

Facultade de Dereito, 3º piso - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 452 - Fax: 881 814 789 - Correo [E.: ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal)

CSV : GEN-7618-a711-8dab-181e-bdfe-7600-d9d2-d1bf

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : IVAN CARLOS AREA CARRACEDO | FECHA : 19/06/2023 13:36 | NOTAS : F



recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación ante a propia CIUG. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non se dite resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou se produza o acto presunto.

4. O alumnado, ou titores legais, terán dereito a ver as probas revisadas unha vez finalizado o proceso de revisión (Art. 10.3 do RD 310/2016 de 29 de xullo). Para a consulta dos exames poderá facerse a solicitude o 27 de xullo (ata as 14:00h.) presentando o formulario correspondente nun LERD (véxase Anexo I), ou remitindo por correo electrónico ao LERD correspondente o formulario. Os exames revisados poderanse ver o 31 de xullo ás 10:00h. nos espazos do Edificio Fontán da Cidade da Cultura (sede da CiUG).

Décimo terceira COMISIÓNS PARA ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Dependendo da natureza da adaptación necesaria, os exames para o alumnado con discapacidade e/ou Necesidade de Apoio Educativo, matriculado na ABAU, que expresamente o solicite e o acredite convenientemente segundo o procedemento de actuación establecido pola CIUG levaranse a cabo, única e exclusivamente, nas seguintes Comisións Delegadas:

- Comisión Delegada 15 con sede no Centro de ensino C.R.E. Santiago Apóstolo-ONCE (Rúa Luís Braille, nº 40 – 36003 Pontevedra)
- Santiago de Compostela: *Comisión Delegada 02B* con sede na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Campus Norte).
- Coruña: *Comisión Delegada 04B* con sede na EU Arquitectura Técnica (Zapateira, Coruña)
- Ferrol: *Comisión Delegada 05B* con sede na Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (EPEF, Campus de Esteiro, Ferrol).
- Lugo: *Comisión Delegada 07B* con sede na Facultade de Administración e Dirección de Empresas (Avda. Alfonso X El Sabio).
- Ourense - *Comisión Delegada 09B* con sede na Facultade de Educación e Traballo Social (Ourense)
- Pontevedra: *Comisión Delegada 10B* con sede na Escola de Enxeñaría Forestal (Pontevedra).
- Vigo: *Comisión Delegada 11B* con sede na Facultade de Filoloxía e Tradución de Vigo

Os exames deste estudiantado serán os mesmos que os do resto de estudantes pero terán un horario adaptado (Véxase Anexo III) para facilitar, dentro do posible, os descansos entre probas fóra da aula de exame.

Para poder dispoñer das medidas indicadas neste procedemento, o estudante deberá

Facultade de Dereito, 3º piso - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 452 - Fax: 881 814 789 - Correo [E.: ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal)

CSV : GEN-7618-a711-8dab-181e-bdfe-7600-d9d2-d1bf

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : IVAN CARLOS AREA CARRACEDO | FECHA : 19/06/2023 13:36 | NOTAS : F



comunicalo á CiUG e enviar a documentación requirida na súa páxina Web (<https://ciug.gal/PDF/anexosweb19.pdf>) antes do día 29 de xuño e acudir obrigatoriamente á sede daquela Comisión Delegada -das arriba indicadas- que se lle indique na comunicación enviada ao centro.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2023

O Presidente da CiUG

Asdo.: Iván C. Area Carracedo

Facultade de Dereito, 3º piso - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 452 - Fax: 881 814 789 - Correo [E.: ciug@ciug.gal](mailto:ciug@ciug.gal)

Código seguro de Verificación : GEN-7618-a711-8dab-181e-bdfe-7600-d9d2-d1bf | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



CSV : GEN-7618-a711-8dab-181e-bdfe-7600-d9d2-d1bf

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : IVAN CARLOS AREA CARRACEDO | FECHA : 19/06/2023 13:36 | NOTAS : F